

O ensino responde aos ataques da Xunta

■ A comunidade educativa galega mobilizouse, e seguirao facendo, contra os continuos recortes e imposicións da Consellaría de Educación no ensino público



O ensino público galego manifestouse en Santiago de Compostela o 28 de xuño, e no mes de setembro retomaranse as mobilizacións

O ensino público galego dixo «basta» ante os continuos ataques e imposicións da Consellaría de Educa-

ción, instalada nunha liña de aprobar, sen ningún tipo de negociación, medidas que afectan substancialmente

ás condicións de traballo e á calidade da docencia. Por ese motivo, Comisións Obreiras e o resto de sindicatos do sector manifestáronse o pasado 28 de xuño en Santiago de Compostela.

CCOO agradeceulle ao profesorado a súa implicación na marcha, e instou o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, a que «tome nota» ou terá un inicio de curso «moi quente» o vindeiro mes de setembro.

Calendario

Precisamente, para setembro haberá novos actos reivindicativos. O primeiro, unha manifestación o día 9, outra volta en Santiago de Compostela, mentres que os días 21 e 27 serán xornadas de folga. Todo isto sen desbotar «outras moitas accións» cun obxectivo común: «defender o ensino público dunha administración que constantemente o ataca». / Páxs. 4-5



ASEMBLEAS DIARIAS E PERMANENTES EN BARRERAS

Ante o anuncio dos estaleiros Barreras de que proximamente se acollerán a un procedemento concursal, o persoal xa se comezou a organizar. Aprobáronse a celebración de asembleas diarias con

carácter permanente, coa vocación de sumar a todo o sector na súa causa. Ademais, xa están a estudar a documentación relativa á situación económica dos estaleiros. / Páx. 7